

CIG-SAÚDE *informa*

O SERGAS acepta crear un grupo de traballo para analizar e buscar solucións á situación de precariedade que padecen as/os médicas/os de Medicina Interna.

CIG-Saúde instou hoxe ao SERGAS á convocatoria deste grupo de traballo, derivado da mesa sectorial, coa finalidade de abordar a situación global deste colectivo e tratar de acadar melloras nas súas condicións de traballo.

A pandemia agudizou a sobrecarga de traballo que teñen as/os médicas/os de Medicina Interna que xa era mala previamente. O desenvolvemento da profesión fixo que aumentara a carga de traballo pero non as/os profesionais, polo que asumen máis pacientes dos que serían recomendables, cobren as ausencias das/os compañeiras/os. E todo isto encadeando anos de contratos precarios que favoreceu a marcha de profesionais.

Para isto é necesario elaborar Plans funcionais que permitan avaliar e dotar, cas/os profesionais necesarios, os hospitais así como a cobertura estable (interinidades para posteriormente cubrir con persoal fixo) de todas as prazas.

A todo isto, súmase a **falta de profesionais nos hospitais comarcais**, ante a que o SERGAS resposta con medidas forzosas para o persoal eventual no canto de incentivar ás profesionais que realicen estas coberturas. Estas medidas forzosas non serían máis que un parche temporal.

CIG-Saúde solicitou ao SERGAS, de novo, a información necesaria para facer unha análise da situación dos hospitais comarcais así como posibles medidas incentivadoras, como xa fixera nas alegacións presentadas ao documento inicial do SERGAS:

<https://www.cig-saude.gal/nova/a-situaci%C3%B3n-da-medicina-interna-do-sergas-%C3%A9-consecuencia-da-falta-de-planificaci%C3%B3n-e-da-eventualidade.html>

Este xoves CIG-Saúde convocou as/os médicas de Medicina Interna afiliadas para avaliar a situación e definir as medidas a solicitar neste grupo de traballo.

CIG-Saúde agarda que este grupo de traballo sirva para mellorar as súas condicións de traballo e non para alongar e enquistar a precariedade na que está traballando este persoal.

